



(Anexo VI)

Dona/Don con DNI
solicitante do Programa de axudas de comedor escolar curso 2024-2025 do Concello de Redondela

EXPÓN

Que non teño solicitado declaración de concurso voluntario, nin fun declarada/o insolvente en ningún procedemento, nin estou declarado/a en concurso, nin estou suxeita/o a intervención xudicial nin fun inhabilitada/o conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non son debedor/a por resolución de procedencia de reintegro.

Que conforme ao artigo Décimo cuarto das bases e convocatoria do Programa de axudas de comedor escolar curso 2024-2025 do Concello de Redondela lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto do servizo.

SOLICITA

O abonamento anticipado do 70% da cantidade concedida por cada trimestre ingresándose á ANPA do centro educativo para o curso **2024-2025**.

Redondela, de de 202

Sinatura da persoa solicitante

A INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL ESTÁ NO REVERSO DESTE DOCUMENTO

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



CONCELLO DE REDONDELA

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria do programa de axudas de comedor escolar, curso 2019-2020 do Concello de Redondela.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos chegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.